



# REPASO PARA O EXAME

Galego II (xuño 2016)

# Responde a estas preguntas:

1. Que fixeches onte?
2. A que hora te ergueches esta mañá?
3. Que almorzaches esta mañá?
4. Que vas facer esta fin de semana?
5. Como eras cando eras pequena?
6. Que che gustaba facer cando eras pequena?
7. Que che gusta facer no teu tempo libre?
8. Cal foi a última viaxe que fixeches?
9. Que has facer este verán?
10. Como será a túa vida dentro de cinco anos?





- **Le e une coa imaxe correspondente:**



A. Quero facer dieta pero non me gusta a froita nin as verduras. Que me recomendas comer para baixar de peso?

B. Os meus compañeiros de oficina sempre me están pedindo favores. Estou moi estresada e quero cambiar de traballo, como llo podo dicir ao meu xefe?



C. A miña moza e máis eu discutimos con moita frecuencia. Sempre está enfadada ou de mal humor e xa non sei que facer. Podes darme algún consello?

# Completa co verbo e o tempo axeitado:

1. O ano pasado as miñas amigas e máis eu ..... de viaxe a Cuba.
2. Durante o franquismo só ..... un partido político.
3. Cando vós ..... pequenas ..... con bonecas.
4. .... (ti) algunha vez o camiño de Santiago?
5. Alexandre ..... en Roma durante un semestre.
6. .... abrir a fiestra, por favor? Vai moita calor.
7. En 2002 a poboación ..... en 75 millóns de persoas.
8. Nós ..... pola rúa cando ..... ao ladrón.
9. Antía ..... cedo para estudar para os exames.

# Horóscopo desta semana para Virgo

Fai algo diferente para saír da rutina. Por exemplo, esta semana terás a posibilidade de visitar un museo ou asistir a unha conferencia moi interesante. Tamén coñecerás xente coa que compartirás moitos intereses en común.

No plano da saúde, terás que visitar ao médico por algunha cuestión relacionada con dores de cabeza e estrés. Reláxate! Da un paseo á beira do mar ou camiña polo parque.

No amor, a túa parella darache unha sorpresa. Intenta mostrar agradecemento.

- a. O texto está escrito empregando a forma *ti* ou *vostede*? Pon algún exemplo:**
- b. Que lle vai pasar a Virgo segundo este texto?**
- c. Continúa a escribir o texto. Engade dúas frases máis sobre aspectos financeiros.**



# Pronomes

■ **Subliña os pronomes, explica a súa colocación e corrixe no caso de ser incorrecta:**

1. Fixen unha tarta e che comprei un agasallo.
2. As filloas están riquísimas! Quen as fixo?
3. Os amorodos comeulos o teu irmán. Os mercou el tamén?
4. Gústante as películas de terror? Creo que as fan moi ben.
5. Non quero facer o exame porque non o preparei ben.